



Enquisa de Poboación Activa (EPA). Cambio de base poboacional nas estimacións da EPA

Series revisadas 2021-2023

A EPA incorporou as cifras do Censo de Poboación e Vivendas de 2021 ás súas estimacións de 2021 a 2023.

O cambio de base poboacional na EPA consiste na incorporación e actualización das series de poboación e vivendas derivadas do Censo de Poboación e Vivendas de 2021, en substitución das que se viñan utilizando ata o de agora, baseadas no Censo de 2011. Isto implica a revisión dos factores de elevación da enquisa, que se calculan a partir das mencionadas poboacións desde o primeiro trimestre de 2021.

No cuarto trimestre de 2023, os novos datos censuais incrementan a poboación de 16 e máis anos residente en vivendas familiares en 7.200 persoas. Con respecto das estimacións baseadas na anterior base poboacional, a poboación ocupada diminúe en 3.000 persoas, a poboación parada practicamente non varía e a poboación inactiva aumenta en 10.100 persoas. A taxa de actividade sitúase no 52,9% no cuarto trimestre de 2023 coa nova base poboacional, tres décimas menos que na anterior estimación. A taxa de paro sitúase no mesmo nivel en ambas estimacións (9,2%).